

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN ENXEÑARÍA AERONÁUTICA

MEMORIA CIRCULAR

A directora xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia

DECLARA:

Que a Consellería de Economía e Industria ten previsto formalizar coa Universidade de Vigo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do convenio ata o 15 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular a colaboración entre a Consellería de Economía e Industria, a través da dirección xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, e a Universidade de Vigo para instrumentar unha subvención para a realización e desenvolvemento dos estudos conducentes ao título de Máster Universitario en Enxeñaría Aeronáutica (en adiante o Máster), no marco da *Civil UAVS Initiative*.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. O Máster Universitario en Enxeñaría Aeronáutica da Universidade de Vigo é o único Máster de Galicia que habilita para exercer a profesión de Enxeñeiro Aeronáutico. Este Máster proporciona formación altamente cualificada a profesionais no sector aeroespacial con coñecementos concretos en vehículos aeroespaciais, sistemas de propulsión, sistemas de navegación e circulación aérea e enxeñaría aeroportuaria e organización aeronáutica. Asemade, o Máster Universitario en Enxeñaría Aeronáutica proporciona unha elevada formación especializada en Sistemas Espaciais, dotando aos estudantes dos coñecementos máis actuais en materiais avanzados utilizados en vehículos espaciais, modelado numérico, análise estrutural e optimización de estruturas aeroespaciais, así como coñecementos de

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
DIRECCIÓN XERAL DE ESTRATEXIA INDUSTRIAL E SOLO EMPRESARIAL
Complexo Administrativo San Lázaro s/n, Edificio Igape, 3ª PLANTA
15781 Santiago de Compostela
T. + 34 981 546 835
dxindustriaesolo.cei@xunta.gal economia.xunta.gal



- propulsión espacial, sistemas de observación espacial e de análise de misións.
2. En 2015, a Xunta de Galicia decidiu impulsar o desenvolvemento dun novo sector de alta tecnoloxía en Galicia, de maneira que se diversificase a actividade industrial e tecnolóxica en Galicia e, á vez, se creasen capacidades e competencias que puidesen transferirse a outras ramas da actividade económica. O sector seleccionado para iso foi o aeroespacial. O principal instrumento desta política ata a data foi a Civil UAVs Initiative, unha iniciativa estratéxica da Xunta que tivo por obxecto empregar a capacidade de compra do sector público para demandar produtos e solucións creadas por empresas do sector aeroespacial e, de maneira máis particular, relacionadas co uso de aeronaves non tripuladas na prestación de servizos públicos. No Plan Estratéxico da Civil UAVs Initiative 2021-2025, a actuación 26 "Formación" contempla a realización de convenios cos centros educativos e universidades como un dos instrumentos máis axeitados para acadar os obxectivos esperados.
 3. O Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, dispuxo na súa disposición adicional oitava que, a adscrición da Axencia Galega de Innovación á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional "entenderase sen prexuízo das competencias e funcións que poida asumir a Consellería de Economía e Industria, de acordo co que se estableza no seu decreto de estrutura orgánica, na materia de promoción industrial, desenvolvemento tecnolóxico e innovación dos sectores produtivos, xestión de infraestruturas tecnolóxicas, apoio do crecemento de novas empresas de base tecnolóxica e asesoramento e información na materia de propiedade industrial." En concreto, no apartado 3 establece que a "Consellería de Economía e Industria asumirá os labores de promoción do parque industrial de Rozas (Lugo) e a xestión de todos os programas derivados da Civil UAVs Initiative."

Que en consonancia co anterior, o Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria, recolle, dentro das competencias da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, están as de coordinación do Centro de Investigación Aerotransportada de Rozas (CIAR) e de todas as súas actividades, a promoción e coordinación do Parque Industrial de Rozas (Lugo) e a xestión da Civil UAVs Initiative.

4. Polo exposto, a Consellería de Economía e Industria, a través da dirección xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, colaborará economicamente



coa Universidade de Vigo na organización do devandito Máster Universitario en Enxeñería Aeronáutica. O importe da subvención destinaranse a cubrir os gastos detallados na seguinte desagregación:

Conceptos	Necesidade	Importe
Adquisición de material de prácticas.	Ao tratarse dun máster de nova implantación é preciso a adquisición de novo material que complemente o xa existente	1.000 €
Participación do estudiantado en actividades e visitas a empresas relevantes do sector de dentro e fóra da comunidade.	As visitas a empresas son de importancia vital para que o estudiantado vexa a realidade do mundo laboral. Neste primeiro ano organizarase unha visita a Madrid ás instalacións de Iberia así como a outras de dentro da nosa comunidade.	2.000 €
Participación de profesorado externo e especialistas do sector en charlas e cursos de especialización.	As charlas, impartidas por persoal externo á Universidade de Vigo, están orientadas a favorecer a saída profesional do estudiantado do centro. A realización de seminarios de formación específicos de máis longa duración, teñen como obxectivo complementar a formación técnica recibida incorporando o uso de técnicas innovadoras no sector aeroespacial.	1.000 €
TOTAL		4.000€

- O presente convenio enmárcase na RIS3 respondendo ao reto 2 (modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento) a través da prioridade 2 (Dixitalización). Ten como obxectivo estratéxico desenvolver o talento das persoas (obxectivo estratéxico 4), integrándose polo tanto no programa "Persoas e Talento".
- A Consellería de Economía e Industria, dentro das súas competencias, está interesada en colaborar e apoiar economicamente á Universidade de Vigo na organización do Máster Universitario en Enxeñería Aeronáutica.
- Tendo en conta que o Máster Universitario en Enxeñería Aeronáutica da Universidade de Vigo é o único máster de Galicia que habilita para exercer a profesión de Enxeñeiro Aeronáutico, a subscrición do presente convenio de colaboración representa o instrumento adecuado de apoio aos obxectivos de

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
DIRECCIÓN XERAL DE ESTRATEXIA INDUSTRIAL E SOLO EMPRESARIAL
Complexo Administrativo San Lázaro s/n, Edificio Igape, 3ª PLANTA
15781 Santiago de Compostela
T. + 34 981 546 835
dxindustriaesolo.cei@xunta.gal economia.xunta.gal



interese xeral indicados, circunstancia que determina a dificultade de promover a concorrência pública, aos efectos do establecido no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada Lei.

8. Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.
9. En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase electronicamente esta memoria, na data e hora da sinatura.

A directora xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial

Margarita Ardao Rodríguez

